

DECRETO DA ALCALDÍA

Dentro do programa de Actividades Culturais que o concello ten previsto realizar no presente ano de 2016, se pretende levar a cabo un Concurso de Contos. Para o desenvolvemento desta actividade e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, RESOLVO: APROBAR AS SEGUINTE BASES:

BASES II CONCURSO DE CONTOS 2016 CONCELLO DE COVELO

Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O obxectivo fundamental é fomentar o gusto pola lectura, reforzar as destrezas da comprensión lectora e a expresión escrita, o desenvolvemento da creatividade na creación de textos curtos.
2. O concurso terá unha temática libre, pero si se lle dará mais puntuación os contos que realcen os valores, tales como o respecto, os dereitos dos menores, a violencia de xénero, a conservación do medio ambiente, etc. Tamén se terá en conta outros valores, que se especifican no apartado 6.

Participantes.

3. Poderán participar todas as alumnas e alumnos de 5º e 6º de Educación Primaria, e de Educación Secundaria Obrigatoria.
4. Serán entregados en Servizos Sociais deste Concello ou na Biblioteca Pública deste Concello, sen nome, nin firma, e sen ningún tipo de documentación nun sobre pechado indicando a categoría, si é de primaria ou da ESO. Se lles dará un número de rexistro, que será xustificante da entrega, e será igual o que se grampe ao conto, NON PERDELO, xa que sen ese número non se podería entregar o premio.

Selección e formato dos traballos presentados.

5. Estableceranse dúas categorías:
 - Nenas e nenos de 5º e 6º de primaria.
 - Nenas e nenos da E.S.O.
6. Os participantes deberán presentar un conto orixinal e inédito, escrito en galego, a ordenador (preferiblemente) de **2 páxinas (máximo)**, coa letra “Arial 12” e a dobre espazo.
7. O prazo de presentación será a partir do mesmo día da publicación das bases na pax. Web do concello e nos taboleiros, e rematará o prazo da presentación de contos o venres 24 de xuño as 14:00h.

Modalidades de premios.

8. Se establecen dúas modalidades de premios:
 - Modalidade A: 5º e 6º Primaria.
 - Modalidade B: A ESO
9. Os premios para as dúas categorías consistente en 2 lotes, un para cada categoría, compostos de:
 1. Tablet
 2. Funda para tablet
 3. Auriculares

10. A entrega de premios, será o día 3 de xullo do 2016 ás 20:30 h., no Auditorio Municipal de Covelo, onde amenizará a xornada unha actuación. Ás rapazas e rapaces gañadores lerán os seus contos. Todos os participantes presentes serán agasallados cun detalle.

11. A entrega do premio se outorgará, so si está presente o neno, salvo enfermidade, que o poderá recoller o seu representante. E ten que ter o resguardo que se lle entrega ao presentar o seu conto, de non ser a así

12. O Concello de Covelo gardase o dereito de utilizar os contos para fins culturais.

Xurado.

13. A composición do xurado será a seguinte:

Para a valoración dos traballos presentados constituirase un xurado que estará formado por un total de seis membros, que serán:

1. Director do CEIP Antonio Blanco Rodríguez, ou persoa en quen delegue.
2. O Director do IES de Pontearreas, ou persoa en quen delegue.
3. A Traballadora Social, ou persoa en quen delegue.
4. Educadora Familiar, ou persoa en quen delegue.
5. A Concelleira de Educación, ou persoa en quen delegue.
6. A Concelleira de Cultura, ou persoa en quen delegue.

14. Criterios de valoración:

O alumnado participante deberá crear un conto, segundo o seu nivel curricular, sobre algún aspecto, personaxe, acontecemento relacionado co Concello de Covelo.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Desenvolvemento na historia de valores de respecto, tolerancia, cooperación e atención a diversidade.	De 1 a 5 puntos
Localización e desenvolvemento do conto no Concello de Covelo e relación da historia co patrimonio cultural.	De 1 a 5 puntos
Orixinalidade e creatividade na historia.	De 1 a 5 puntos
Respecto ao medio ambiente	De 1 a 5 puntos
Orden e capacidade de razoamento na redacción.	De 1 a 5 puntos
Precisión sintáctica e ortográfica	De 1 a 5 puntos

Aceptación das normas

15. A participación neste concurso implica a aceptación de tódolos apartados das presentes bases.

16. Quedan excluídos deste concurso, os fillos do xurado.

Aplicación presupostaria.

17. O gasto total máximo en que se valoran esta actividade e de 1.000€, que se imputará a partida presupostaria 334.226,09 do exercicio do 2016.

Covelo, 9 na data que figura na marxe.

O ALCALDE

Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo
(Documento asinado electrónicamente)

A SECRETARIA

Asdo. M^a Jesús Rodríguez Freire